

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 31 de agosto de 2011, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve o concurso de méritos específico entre o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir prazas de persoal asesor nesta consellería, convocado pola Orde do 13 de xuño de 2011 (Diario Oficial de Galicia do 20 de xuño).

Mediante a Orde do 13 de xuño de 2011 convocouse concurso de méritos específico entre o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir prazas de persoal asesor nesta consellería (DOG do 20 de xuño).

Resultas as reclamacións e admitidas as renuncias producidas á resolución provisional, esta dirección xeral, de acordo co establecido no artigo 8 da citada orde,

RESOLVE:

Primeiro. Facer pública a resolución definitiva do concurso no anexo desta resolución, indicando o persoal docente seleccionado xunto cos postos adxudicados.

Segundo. O persoal docente relacionado no anexo queda adscrito aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2011, cesará nos seus postos con data do 31 de agosto do mesmo ano e permanecerá neles en réxime de comisión de servizos, con reserva do posto de traballo de orixe, por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis, establecéndose un proceso de avaliación do exercicio da súa actividade que, no caso de ser positiva, determinará a súa continuidade.

Terceiro. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, o persoal interesado poderá interpor recurso potestativo de reposición perante o consellerio de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2011.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

N.º praza	Denominación da praza	Candidatos seleccionados	Destino
1	Innovación e desenvolvemento curricular de formación profesional nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia	Gómez Duarte, Miguel Ángel	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
2	Ordenación e desenvolvemento curricular na formación profesional	García Nóvoa, Sonia	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
5	Asesoría de emprendemento no sistema educativo	Sanmartín Otero, M. ^a Lourdes	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
		Santos Garrido, Miguel	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
6	Asesoría de desenvolvemento do proceso de acreditación de competencias	Fernández García, José Antonio	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
7	Asesor/a de estatística en procesos de planificación e avaliación educativa	Mato Sánchez, Isabel	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
9	Asesor/a de planificación educativa	Martínez Rivas, Guadalupe	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
10	Asesor/a na avaliación de programas e institucións educativas	Rodríguez Méndez, Miguel A.	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
11	Asesor/a de calidade e xestión de novas tecnoloxías para a inspección educativa	Blanco Santos, Agustín	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
12	Asesoría de innovación educativa	Sacido Romero, Alberto	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
13	Asesoría de potenciación das linguas estranxeiras	Álvarez Villar, Noemí	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
		Castro Villalón, Elena María	
		Pozo Lahargue, Eugenia Marina	
14	Asesoría de programas educativos	Costa Carneiro, Manuel	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
15	Asesor/a de ensinanzas de idiomas de réxime especial	Bardeiras Rey, Rubén	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
16	Asesor/a de música e artes escénicas	Domínguez Domínguez, Lluís	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
18	Asesor/a para a educación e formación ao longo da vida	Río Rey, Blanca	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
19	Asesor/a de estatística do SUG	Fernández Ocampo, María del Carmen	Secretaría Xeral de Universidades
20	Asesor/a técnico praza museística pedagóxica	Cepeda Fandiño, Antonio	Secretaría Xeral Técnica
		Seco González, Beatriz	
21	Asesores Siega-Abalar de zona: apoio aos centros docentes na implantación das novas tecnoloxías e servizos educativos segundo o proxecto Abalar	Martínez Rama, Óscar	Secretaría Xeral Técnica (A Pobra do Caramiñal)
		Medina Méndez, Ana María	Secretaría Xeral Técnica (Lugo)
		Santos Pérez, Patricia	Secretaría Xeral Técnica (A Coruña)
22	Asesoría Siega-Abalar Sistemas	Díaz López, Félix	Secretaría Xeral Técnica (Santiago de Compostela)
		Feijoo Costa, Ricardo	
23	Asesoría Siega-Abalar Desenvolvemento	Fernández Esteller, María	Secretaría Xeral Técnica (Santiago de Compostela)
24	Asesoría Siega-Abalar Estatística	Figueroa Rodríguez, Marco Antonio	Secretaría Xeral Técnica (Santiago de Compostela)
27	Apoio aos servizos educativos que se desenvolverán baixo o proxecto Siega-Abalar (Lugo)	Méndez Cancio, Javier	Secretaría Xeral Técnica (Delegación Provincial de Lugo)